

PLEEC: Planning for Energy Efficient Cities



Descrición

A eficiencia enerxética é unha das prioridades da axenda europea. Un dos obxectivos do plan 20-20-20 da Unión Europea é a mellora da eficiencia nun 20% para o 2020.

Sen embargo, a consecución dun coñecemento integrador acerca do potencial enerxético nas cidades está lonxe de conseguirse. Actualmente, a variedade de estratexias e aproximacións individuais, manexando diferentes aspectos da mellora da eficiencia enerxética, dificultan o desenvolvemento dunha visión estratéxica global da planificación da eficiencia enerxética.

Por esta razón, o proxecto PLEEC- “Planificando Cidades Enerxeticamente Eficientes” – financiado polo VII Programa Marco procura unha aproximación integradora para alcanzar a concepción de cidade intelixente, enerxeticamente eficiente e sostible. Por medio da coordinación de estratexias e da procura das mellores prácticas, PLEEC desenvolverá un modelo xeral para a planificación de cidades enerxeticamente eficientes e sostibles.

Conectando a excelencia científica e as empresas máis innovadoras do sector da enerxía con cidades ben organizadas e ambiciosas, o proxecto pretende reducir o uso da enerxía na Europa do futuro próximo e desta forma converterse nunha ferramenta importante para o obxectivo da UE 20-20-20.

Obxectivos

Os obxectivos principais do proxecto son:

- Avaliar as solucións de mellora enerxética existentes e potenciais que poidan ser integradas na planificación das cidades.
- Demostrar como os plans integradores poden resultar máis efectivos que as medidas illadas.
- Desenvolver un modelo integrador da planificación da eficiencia enerxética que considere o potencial das diversas actuacións que poden ser aplicadas aos aspectos clave da mellora da eficiencia.
- Crear Plans de Acción que poidan ser presentados aos tomadores de decisións das cidades.
- Identificar unha axenda de investigación futura para o uso da enerxía nas Smart Cities.

INVESTIGADORES

Investigador principal externo

Juan E. Arias Rodríguez

Investigadores do CiTIUS

José Ángel Taboada González

Investigadores externos

Carlos Hernández Sande

Daniel Baldomir Fernández

Alfredo Bermúdez De Castro López-varela

Wenceslao González Manteiga

DETALLES

Data de execución:

01/04/2013 - 01/04/2016

Páxina web

 <http://www.pleecproject.eu/>

Consortio

Eskilstuna Energy Miljö (*líder*)

Concello de Santiago de Compostela

Delft University of Technology

Eskilstuna City

Hamburg University of Applied Sciences

Jyväskylä

LMS IMAGINE

Mälardalen University

Smart Technologies Association SMARTTA

Stoke-on-Trent City

Tartu City

Technische Universität Wien

Turku City

Turku University of Applied Sciences

University of Copenhagen

University of Rouse

Univerza v Ljubljani

CITIUS

Financiado por

FPVII-Energy-SmartCity-2012, European Commission, ENER/FPVII314704/PLEEC

